OS DEREITOS HUMANOS E A SÚA CONSTITUCIONALIZACIÓN POR PARTE DOS ESTADOS.

1. XÉNESE HISTÓRICA E FUNDAMENTO DA NOCIÓN DE DEREITOS HUMANOS.

Por dereitos humanos entendemos os dereitos que son inherentes a calquera persoa, só polo feito de ser humana, independentemente da súa orixe étnica, do seu xénero, e da súa condición, cultura ou relixión. Son un logro característico da modernidade, froito de longos movementos sociais e fortes loitas reivindicativas, pero aprecialo en toda a súa transcendencia require facer un pouco de historia.

1.1. A Antigüidade e a Idade Media

Na Antigüidade e na Idade Media o estatus socio-político dos individuos, en xeral, era unha condición natural derivada da "lotería natural" do seu nacemento, como xa se ten sinalado en seccións anteriores. Diso dependía o seu rango e os seus privilexios, e non había uns dereitos comúns para todos os seres humanos. Pois, aínda que Roma, creadora do Dereito, acabou estendendo o dereito de cidadanía a todos os pobos do imperio, tal dereito só era para os cidadán libres, non para todos.

Por outra banda, até ben entrada a modernidade, non se desenvolveu a idea do individuo como suxeito autónomo e titular de dereitos naturais, pois o suxeito quedaba diluído no ámbito da comunidade, ao non se delimitar claramente o espazo público do privado. Como xa vimos, a liberdade dos cidadáns para os antigos consistía fundamentalmente na participación na comunidade política.

Certo que algunhas doutrinas, coma o Cristianismo, proclamaron a igualdade de todos os seres humanos, en canto fillos de Deus e polo tanto irmáns. Pero tales declaracións universalistas quedaron relegadas ao reino celestial, do espírito, mentres que a ras de terra a estratificación da sociedade feudal practicaba a desigualdade e os privilexios, co beneplácito da Igrexa que recoñecía a orde xerárquica da sociedade como natural e expresión da vontade divina. Así, a "lei moral natural" universal, formulada polos filósofos cristiáns medievais, non xerou un "dereito universal" común a todos no eido socio-político.

1.2. A Modernidade

A Idade Moderna, iniciada no Renacemento, significou a quebra da estrutura feudal da sociedade polo absolutismo monárquico, pero mantendo unha sociedade estamental con rangos ben diferenciados e os seus correspondentes privilexios, nun principio. Pero, o ascenso social da burguesía, que servira de apoio ás monarquías, esixirá progresivamente o recoñecemento de dereitos e

liberdades individuais; até coroarse finalmente como clase social dominante e liquidar o sistema estamental e as propias monarquías absolutas.

A culminación deste proceso tivo lugar ao longo do s. XVIII, coas revolucións burguesas, que limitarán fortemente o poder real a favor do Parlamento (Revolución Gloriosa de 1688), ou mesmo liquidarán a monarquía (Independencia das colonias británicas de América, en 1776, e Revolución Francesa, en1789). Coa supresión da monarquía liquídase tamén a sociedade estamental do Antigo Réxime e os privilexios asociados á nobreza, para declarar a "liberdade, igualdade e fraternidade" de todos os cidadáns, como xa tivemos ocasión de ver en seccións anteriores.

Deste xeito, acadou a burguesía liberal o recoñecemento da existencia de dereitos e liberdades individuais inalienables ou irrenunciables. A proclamación solemne dos mesmos atopámola na Declaración de Independencia dos EEUU de América, e na Declaración de dereitos do Home e do Cidadán da Revolución Francesa.

É verdade que facer efectivo o recoñecemento de tales dereitos para todos os seres humanos, será unha tarefa longa e custosa. A abolición da escravitude aínda se fará esperar, e a plena extensión dos dereitos ás mulleres e a outros colectivos esixirá longas loitas reivindicativas. Pero polo menos, estaba dado un paso fundamental: o seu recoñecemento.

1.3. A fundamentación teórica

O proceso de secularización da sociedade, que se liberou progresivamente do xugo e da tutela relixiosa da Igrexa, culminou no Movemento Ilustrado (s. XVIII). Este proclamará a autonomía da razón humana e a súa capacidade para fundar unha nova orde social e política. A nova orde xa non se vai asentar na tradición nin na votade divina, senón na vontade libre e soberana dos cidadáns, nacidos libres e iguais. Este será o punto de partida de todas as teorías modernas do contrato social, como xa tivemos ocasión de ver anteriormente.

Nesta perspectiva teórica, J. Locke afirmará que todos os homes, nacidos libres e iguais, teñen uns dereitos naturais e inalienables: á vida, á liberdade e á propiedade, sentando así as bases do Dereito Natural de base racional. E, I. Kant fundamentará na natureza racional humana as bases da dignidade básica do ser humano, que reclama respecto e se converte na raíz dos dereitos humanos individuais.

2. A COSTITUCIONALIZACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS

Os dereitos humanos, concibidos inicialmente como dereitos naturais, preséntanse, pois, como esixencias morais da dignidade humana e condicións ineludibles dunha vida autenticamente humana. En consecuencia, reclaman ser

institucionalizados e desenvoltos xuridicamente no marco das estruturas políticas da sociedade para acadar a forza vinculante do Dereito positivo e o seu respaldo. Pero, ademais, o seu carácter básico de dereitos fundamentais convérteos en guía reguladora de calquera ordenamento legal concreto.

De aí, que os dereitos humanos se foran incorporando progresivamente como dereitos fundamentais nas constitucións dos Estados. Así, as constitucións modernas, nacidas tralas revolucións liberal-burguesas, conteñen unha primeira parte declarativa onde se especifican os dereitos e liberdades fundamentais dos cidadáns. Pois o constitucionalismo moderno ten a súa orixe na defensa dos dereitos fundamentais dos individuos fronte ao posible abuso do poder político, que as propias constitucións pretenden controlar e limitar na súa parte organizativa das estruturas do Estado. A estrutura organizativa do Estado non ten máis finalidade nin lexitimidade que a consecución dos obxectivos e fins sinalados na parte declarativa dos principios, valores e dereitos fundamentais.

Pero o proceso de positivización constitucional dos dereitos humanos prodúcese historicamente en diferentes etapas, que van ampliando o catálogo de dereitos como consecuencia das conquistas reivindicativas dos movementos sociais dos séculos XVIII, XIX e XX. Así, cabe distinguir dúas grandes fase neste proceso: a) a fase de recoñecemento dos dereitos cívico-políticos e das liberdades individuais, e b) a fase de recoñecemento dos dereitos económicos, sociais e culturais.

a) Fase de recoñecemento das liberdades e dereitos cívico-políticos dos individuos: denominada “primeira xeración” de dereitos, corresponde ás primeiras constitucións que nacen das revolucións liberal-burguesas, nas que se proclaman fundamentalmente dereitos relacionados coa liberdade individual. Estes dereitos traducen os ideais individualistas da burguesía liberal e revolucionaria dos séculos XVII e XVIII: a igualdade diante ante a lei, a liberdade de conciencia e relixiosa, a liberdade económica, etc.

b) Fase de recoñecemento dos dereitos económicos, sociais e culturais: denominada “segunda xeración” de dereitos, que recolle dereitos relacionados coa igualdade e solidariedade, reivindicados polos movementos obreiros e sindicais dos séculos XIX e XX. Estes dereitos son recollidos na Constitución francesa de 1848, na Constitución alemá de Weimar de 1919, e, en xeral, en todas as constitucións posteriores que constitúen e consolidan o Estado social de benestar.
Así, os dereitos e liberdades individuais da primeira xeración quedan complementados por dereitos económicos e sociais, que puideran proporcionar un mínimo de seguridade e benestar para unha vida humana digna; condición sen a cal as liberdades de primeira xeración serían puramente formais e teóricas. Tales dereitos inclúen: o dereito a

un salario xusto, á libre sindicación, á seguridade social (sanidade, seguro desemprego, xubilación…), á educación, etc.

Algúns dos dereitos recoñecidos constitucionalmente non pasan de ser principios ou obxectivos programáticos de difícil realización efectiva (como o dereito a unha vivenda digna ou o dereito ao traballo, etc.). De aí, a necesidade de avanzar continuamente na concreción e adopción de políticas activas capaces de facer efectivos e dotar de contido a tales dereitos.

3. A INTERNACIONALIZACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS

As Declaracións de Dereitos do século XVIII e XIX, aínda que literalmente se expresaban en termos de universalidade, referidos a todos os seres humanos, non obstante limitaban o seu alcance xurídico á esfera concreta dos Estados cuxas constitucións os recoñecían. Quedaban, pois, restrinxidos ao ámbito concreto de cada Estado.

Pero, o proceso de recoñecemento e formulación xurídica dos dereitos humanos experimenta un cambio fundamental a partir de mediados do século XX. Pois as Declaracións do século XX —á parte de reafirmar a universalidade dos dereitos— xorden e son promulgadas por organizacións de carácter internacional e estenden o seu alcance a un ámbito mundial.

A internacionalización xurídica dos dereitos humanos é, polo tanto, un fenómeno recente e garda estreita relación con acontecementos históricos do século XX, como foron sobre todo os abusos dos réximes autoritarios no período de entreguerras, -nazismo, fascismo, etc- que acabaron desencadeando a Segunda Guerra Mundial. Despois destes acontecementos estendeuse unha preocupación por asegurar unha protección máis eficaz dos dereitos humanos por enriba das fronteiras internas de cada Estado. Froito desta preocupación xorde a Declaración Universal de Dereitos Humanos da Organización das Nacións Unidas (ONU) de 1948. Nela recóllense os dous grandes bloques de dereitos desenvoltos polas Declaracións anteriores (dereitos cívico-políticos individuais e dereitos económicos, sociais e culturais) e algúns novos.

En 1966 trátase de dar un carácter máis vinculante á Declaración reformulándoa parcialmente baixo a forma de dous convenios (o Pacto Internacional de Dereitos Civís e o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais) que deberán subscribir cada un dos Estados membros. Tanto os Pactos de 1966 como outros Convenios posteriores da Organización (como a Declaración sobre eliminación da discriminación da Muller de 1976, a Convención internacional sobre a eliminación e represión do crime de apartheid de 1976, etc.) recollen e reflicten novas reivindicacións ("terceira xeración" de dereitos), como o dereito á autodeterminación dos pobos, o dereito á protección das minorías étnicas, culturais, lingüísticas, o

dereito de igualdade efectiva da muller, así como os dereitos específicos derivados da maternidade, etc.

O concepto e catálogo de dereitos humanos vaise configurando, polo tanto historicamente ao ritmo das loitas reivindicativas de diferentes grupos sociais e do desenvolvemento da súa sensibilidade social e moral. Neste sentido parece lóxico esperar que certas reivindicacións dos movementos sociais das últimas décadas como o pacifismo, o ecoloxismo, etc. acaben sendo recollidos tamén en futuras Declaracións de dereitos, tal como sucedeu con outras reivindicacións no pasado.

Con todo, sería equivocado interpretar o concepto de dereitos humanos como un conxunto de proclamas nas que se van plasmando as aspiracións dos grupos sociais que xorden en cada etapa da historia. En realidade as diversas reivindicación de cada época simplemente reflicten unha toma de conciencia que ata ese momento non se tiña das esixencias derivadas da dignidade humana e dos principios morais de liberdade, igualdade e solidariedade. A ampliación progresiva da nómina de dereitos de cada nova Declaración non supón máis que un grao maior de concreción de tales esixencias.

4. O PRESENTE E O FUTURO DOS DEREITOS HUMANOS

4.1 Necesidade de organismos internacionais lexítimos e efectivos

A D.U.D.H. da ONU e os Convenios e Pactos Internacionais teñen unha dimensión e autoridade moral evidente, pero o seu alcance xurídico, isto é, a súa eficacia como instrumento a través do que individuos poidan esixir o cumprimento efectivo de tales dereitos é escasa. A actual ONU non é realmente unha organización con ve poder coactivo sobre os diferentes Estados nacionais.

A partir da época moderna os Estados nacionais lograron impoñer un poder coactivo que foi progresando na garantía e respecto dos dereitos no seu ámbito territorial, diminuíndo a violencia entre os individuos e os grupos sociais. Pero institucionalización internacional dos dereitos humanos por parte da ONU non foi de momento acompañada dun verdadeiro poder coactivo que os garanta e faga respectar a nivel mundial.

Agora ben, así como o poder coactivo dos Estados soamente acada verdadeira lexitimación moral cando xorde dunha sociedade democrática, do mesmo xeito o poder coactivo que deberá ter algún día a ONU só terá verdadeira lexitimidade se está constituído sobre a base dunha representación democrática de tódolos cidadáns do mundo. Sería necesario, polo tanto, en primeiro lugar, substituír o actual sistema de representación (designación de delegados efectuada polo goberno de cada país) por un sistema de representación democrática máis directa, acercando a actual Asemblea Xeral a un auténtico parlamento mundial; e, en segundo lugar, dotar á actual

Organización das Nacións Unidas de instrumentos executivos e xudiciais eficaces (tribunais internacionais, forzas de paz profesionais e propias, etc.).

Agora ben a instauración deste poder supranacional, equivalente a un verdadeiro Estado democrático de dereito de ámbito mundial, non implica negación da diversidade cultural e das formas de vida dos diferentes pobos do planeta, senón máis ben a universalización dos principios xerais de moralidade que subxacen ao recoñecemento dos dereitos humanos e ó ideal democrático.

4.2. Necesidade de políticas económicas mundiais concertadas e xustas

Pero a debilidade xurídica da D.U.D.H. e dos Pactos e Convenios internacionais non é o único factor que explica a súa frecuente violación por parte de moitos Estados. Así, se se analizan os informes que elaboran anualmente diferentes organizacións internacionais sobre ditas violacións, descubrirse que estas son moito máis frecuentes en contextos socioeconómicos periféricos e atrasados. Parece claro, neste sentido, que a ausencia dun mínimo desenvolvemento económico e social facilita a instauración de réximes políticos represores das liberdades individuais e incapaces de garantir os dereitos económicos e sociais básicos.

Por iso, cada día aumenta máis a conciencia de que un verdadeiro avance na implantación e respecto dos dereitos humanos non depende só do reforzamento xurídico e coactivo dunha autoridade supranacional senón tamén da adopción de medidas políticas e económicas concertadas a escala mundial. Neste sentido resulta significativo que moitas das reivindicacións levadas a cabo nos últimos anos por movementos como o ecoloxismo, o pacifismo, etc. remitan en último termo á necesidade deste tipo de política de ámbito mundial, tal como analizamos xa en temas anteriores.

Unha aposta realista pola paz haberá de empezar pola redución e profesionalización progresiva dos exércitos nacionais até adaptalos a funcións similares ás doutros servizos de orde e seguridade cidadá; mentres que os posibles conflitos entre Estados e o restablecemento dos dereitos humanos vulnerados por réximes autoritarios deberán corresponder a institucións de orde supranacional realmente eficaces e non simplemente simbólicas, como sucede a miúdo cos actuais cascos azuis da ONU. E polo que respecta ós problemas ecolóxicos —a miúdo de alcance planetario—, así como moitos outros similares, só unha política de ámbito mundial e verdadeiramente democrática será capaz de adoptar medidas xustas e efectivas.

En resumo, pois, o proceso de internacionalización dos dereitos humanos emprendido a mediados deste século pola Organización das Nacións Unidas, aínda que limitado xurídica e politicamente, supón un adianto para a extensión efectiva dos mesmos a tódolos ámbitos xeográficos

É evidente que este ideal dunha comunidade política democrática de ámbito mundial —xa dexergado por algúns filósofos ilustrados como Kant— non é hoxe por hoxe aínda máis que unha aspiración utópica e que a actual ONU —a miúdo instrumentalizada e sometida a presións polos Estados máis poderosos— non parece avanzar demasiado nesa dirección. Sen embargo, o feito mesmo da súa existencia como Organización de tódolos Estados do mundo comporta a asunción por parte destes dos principios e dereitos básicos proclamados pola Declaración Universal, e isto confire a todo individuo —sexa cal sexa a súa etnia, cultura ou relixión— a lexitimidade suficiente como para poder esixir dos seus poderes e gobernos o efectivo cumprimento dos mesmos.